

Promove: Concello de LALÍN

Financia: Xunta de Galicia / Concello de Lalín

### ALUMNADO TRABALLADOR OBRADOIRO DE EMPREGO “SENDAS II”

<b>Duración: 12 MESES</b>	<b>Nº de PRAZAS: 20</b>	<b>Inicio:</b> antes do 4 de outubro	<b>Contrato</b> de formación
<p>Dende o inicio do proxecto, o Concello de Lalín contrata as persoas participantes, na modalidade de contrato para a formación e aprendizaxe. Os contratos de traballo terán carácter temporal, cunha duración de 12 meses, a xornada completa. De 7:30-15:30 horas. Centro de traballo: CFO. Polígono L 2000</p>			
<b>1. ESPECIALIDADES FORMATIVAS</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>10 prazas</b> na <u>Especialidade de REPOBOACIÓNS FORESTAIS E TRATAMENTOS SELVÍCOLAS</u> Que inclúe un Certificado de profesionalidade (C.P.): - Repoboacións Forestais e Tratamentos Selvícolas (AGAR0208) E 2 módulos doutros C.P.: - Apeo e procesado de árbores con motoserpa (MF1116_2) - Labores de vixilancia e detección de incendios forestais, mantemento de infraestruturas asociadas e información á poboación ( MF 1964_2)</li> <li>• <b>10 prazas</b> na <u>Especialidade de ALBANERÍA</u> Que inclúe un Certificados de Profesionalidade (C.P.): - Operacións Auxiliares de Albanería de Fábricas e cubertas (EOCB0208) E 2 módulos doutros C.P.: - Cubertas de Tella e Lousa (MF1910_2) - Mantemento e, no seu caso, restauración de obras de pedra natural (MF1374_2)</li> </ul>			
<b>2. REQUISITOS BÁSICOS DOS/AS PARTICIPANTES</b>			
Ter 18 ou mais anos de idade.			
Estar desempregados e con demanda de emprego rexistrada no Servizo Público de Emprego de Galicia			
Formación académica mínima de GRADUADO en ESO, ou Competencias Clave Nivel 2 (matemáticas, lingua castelá e lingua galega), OU algún dos recollidos no Real Decreto 34/2008, de 18 de xaneiro polo que se regulan os certificados de profesionalidade.			
Cumprir os requisitos da normativa reguladora do Contrato Formativo, regulado no artigo primeiro uno do Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, polo que se modifica o artigo 11 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro)			
Non ter xa a formación que se vai impartir no obradoiro, total ou parcialmente.			
<b>3. EN QUE CONSISTE? Programa mixto de EMPREGO-FORMACIÓN</b>			
<b>FORMACIÓN:</b> seguir a formación teórica e práctica necesaria para poder traballar nas ocupacións propias dos certificados cursados			
<b>TRABALLO,</b> desenvolver os traballos correspondentes as actuacións previstas no proxecto do Obradoiro de Emprego Sendas II aprobado.			
<b>4. SISTEMA DE ADMISIÓN DE CANDIDATOS/AS</b>			
1º.- Presentación, por parte do concello de Lalín, e Oferta de Emprego no Servizo Público de Emprego de Lalín. Ámbito de sondaxe: Concello de Lalín.			
2º.- Envío de candidatos/as (mínimo 3 por postos) por parte da oficina de emprego de Lalín, logo da correspondente sondaxe.			
3º.- Proceso de Selección a realizar polo concello de Lalín, segundo as Bases que serán aprobadas e publicadas na sede electrónica e na web lalin.gal. e no taboleiro de anuncios da Oficina de emprego.			
<b>5. Qué pode facer se cumpro os requisitos e estou interesado/a</b>			
Acudir a Oficina de Emprego de Lalín e solicitar a incorporación na túa demanda de emprego do “servizo de obradoiros de emprego”			